



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

**Descrición Decreto:** Nomeamento persoal laboral temporal socorrista para a piscina municipal subvencionado pola Xunta de Galicia para o ano 2020

### DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a proposta de nomeamento de socorrista para a piscina municipal subvencionado pola Xunta de Galicia para o ano 2020 ao abeiro da Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais ( DOG núm. 18, do 28 de xaneiro), dacordo coas bases da convocatoria decreto de alcaldía núm. 197/2020 de data 19/06/2020, e segundo consta na acta da Comisión seleccionadora de data 03/07/2020.

Vista a resolución de concesión de subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, concedendo ao Concello de Boimorto unha subvención total de 3.000 euros ( expediente TR351A 2020/000009-1) para a contratación por un período de dous ( 2) meses a xornada completa dun/ha socorrista para a piscina municipal.

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Nomear como socorrista para a piscina municipal a Paula Verea Nuñez con DNI XXX4665XX.

Condicionase a formalización do contrato en aplicación da base quinta da convocatoria á presentación polo interesado da seguinte documentación:

- Fotocopia (que deba presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Documento Nacional de Identidade.
- Fotocopia (que deba presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Título esixido.
- Declaración xurada de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Publica, nin encontrarse inhabilitado/a para o exercicio da función publica por sentenza firme.
- Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido o momento da súa toma de posesión.
- Certificado médico oficial, acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer-la función propia a desenrolar.
- Fotocopia ( que deberá presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) de méritos alegados no concurso.

**SEGUNDO.-** Formar lista de reserva cos seguintes candidatos segundo o sinalado na base sexta da convocatoria aprobada por decreto de alcaldía núm. 197/2020 de data 19/06/2020, aplicando nos empates os criterios de preferencia recollidos na Orde do 20/12/2019 publicada no DOG núm. 18 de data 28/01/2020 pola que se establecen os criterios de prioridade entre colectivos para a realización da selección dos/as traballadores/as desempregados/as que serán contratados/as para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade ( base cuarta da convocatoria):

- 1.- DAVID PAMPIN IGLESIAS CON DNI XXX2854XX
- 2.- ALFONSO FELIX NOVO SANDA CON DNI XXX0900XX
- 3.- JOSE ANTONIO VARELA CASTRO CON DNI XXX3072XX
- 4.- ANGELES SANTOS IGLESIAS CON DNI XXX0939XX
- 5.- RUBEN PAMPIN GIL CON DNI XXX0640XX
- 6.- XOEL AMBOAGE RIAL CON DNI XXX1321XX

**TERCEIRO.-** Notificar persoalmente o presente decreto ao seleccionado indicado no apartado primeiro e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite presentada a documentación requerida a alta do traballador na seguridade social e se asine e registre o contrato con efectos de alta 07/07/2020.

**CUARTO.-** Colgar este decreto na páxina web do Concello e no taboleiro de edictos aos efectos oportunos.

Decretouno a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, o secretario

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- JORGE BOADO FERNÁNDEZ